



RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DE VIGO POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE DE PERSOAS ASPIRANTES SELECCIONADAS NO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE MARISQUEO A PÉ NA MODALIDADE DE MARISQUEO XERAL PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO DA ILLA DE AROUSA, E SE ABRE O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Antecedentes

1. A Confraría de Pescadores da Illa de Arousa ten aprobados dous plans de xestión de moluscos bivalvos a pé, en zonas de autorización e libre marisqueo, para o período 2021-2023.
2. O 24 de xaneiro de 2023, a Confraría de Pescadores da Illa de Arousa solicita a cobertura de 10 prazas vacantes.
3. Na ficha do plan aprobado, no apartado correspondente a "*Participantes no plan de xestión*" indícase un número máximo para o desenvolvemento de ámbolos plans de 215 persoas. No momento actual hai 195 persoas có permiso de explotación a pé renovado na Confraría da Illa de Arousa, polo que hai un mínimo de 20 prazas vacantes para exercer a actividade marisqueira a pé no ámbito da Confraría de Pescadores da Illa de Arousa.
4. En consonancia co artigo 17.2 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, e co apartado B.2.3. da Circular MA-02-2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de xestión de moluscos bivalvos en zonas de autorización e plans específicos para zonas de libre marisqueo para os anos 2021, 2022 e 2023, con data de 10 de febreiro de 2023, se lle notifica á Confraría da Illa de Arousa unha proposta para convocar un proceso selectivo para cubrir 20 prazas, que se corresponden coas vacantes existentes ata o número máximo previsto no plan. Transcorrido o prazo indicado neste documento, sen ter recibido resposta por parte da confraría, enténdese como positiva a proposta realizada por esta Xefatura Territorial.
5. De acordo co anterior, por Resolución do 6 de marzo de 2023, esta xefatura territorial convocou un proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación a pé na modalidade de marisqueo xeral para exercer a actividade extractiva no ámbito da Illa de Arousa. Neste proceso convocáronse as mencionadas 20 prazas, das que se reservaron dúas (2) para aquelas persoas que se atopen en circunstancias socio-económicas de especial necesidade.
6. O 4 de abril de 2023 efectuouse un requirimento para achega de diversa documentación, mediante publicación no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcais de Pontevedra e Vilagarcía de Arousa, así como no taboleiro de anuncios da confraría.
6. Mediante Resolución de 24 de abril de 2023 esta xefatura territorial publicou a listaxe provisional das persoas aspirantes admitidas no proceso selectivo, así como indicación da persoa excluída. A admisión dun total de 15 solicitudes, catorce (14) aspirantes para a quenda xeral e un (1) aspirante á quenda especial, número inferior ao de prazas ofertadas, non fixo necesario establecer unha orde





de prelación e polo tanto proceder á baremación para puntuar as solicitudes. Esta resolución estableceu un prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación, para efectuar alegacións.

7. Comprobase que transcorrido o prazo anterior, non se presentaron alegacións.

Consideracións legais e técnicas

1. Esta Xefatura Territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio, e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.

4. Toda a documentación achegada coas solicitudes e en resposta ao requirimento foron revisadas.

De acordo co anteriormente indicado e de conformidade co establecido na base 3.1 do anexo A da Resolución de 1 de agosto de 2022 pola que se convoca proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de marisqueo xeral para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da Illa de Arousa así como na disposición transitoria primeira do Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, e no Decreto 177/2016, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, esta xefatura territorial no exercicio das súas competencias,

RESOLVE

1. Facer pública a listaxe definitiva das persoas que superaron o proceso selectivo, para o acceso ao permiso de explotación de marisqueo a pé na modalidade de marisqueo xeral para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da Illa de Arousa.

2. Non existe lista de reserva.

3. As persoas seleccionadas disporán dun prazo de **quince (15) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución**, para achegar a documentación que figura na base 3.2 do Anexo A da convocatoria:

a) **Certificado de estar empadroado/a nun municipio do litoral de Galicia.** Esta documentación non será necesario que se presente no caso de consentimento expreso da persoa para comprobar os datos de residencia mediante consulta ao sistema de verificación de datos, de acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.

b) **Certificado da Seguridade Social de non ser perceptor/a de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en**





favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia. Non será necesario en caso de autorización á Consellería do Mar para a consulta destes datos. **As persoas perceptoras da renda de integración social deberán achegar escrito de renuncia a ela.**

- c) **Documento médico que acredite non estar incapacitado/a para exercer as labores do marisqueo.**
- d) **Fotografía de tamaño carné, actual.**
- e) **Certificado de mariscador.**

No caso de non ter asinado a autorización para a consulta do certificado de mariscador e no caso de que o posúan e non fose presentado coa solicitude: copia do certificado de mariscador. **Aquelas persoas que non o posúan, terán que realizar o curso a primeira vez que sexan convocados - salvo causa debidamente xustificada - pola Dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.**

Esta documentación deberá dirixirse á **Xefatura Comarcal de Vilagarcía de Arousa.**

4. De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, as persoas seleccionadas que presentasen a documentación dentro do prazo establecido deberán cumprir ademais cos seguintes requisitos para a obtención do permiso de explotación: **"non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento"**.

As persoas que, dentro do prazo fixado, non presentasen a documentación ou que, da revisión da mesma, se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados, entenderase que desisten da súa solicitude.

5. A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Xefatura Territorial de Vigo e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcais de Vilagarcía de Arousa e de Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios da confraría.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A xefa territorial
Sonia Lorenzo Santos



ANEXO I
RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS SELECCIONADAS

Nº	Apelidos e nome	D.N.I.
1	ALVES DE PASSOS VALDEMAR MACIEL	* * * 4143 * *
2	CORES MUÑIZ MARÍA DEL SOCORRO	* * * 7227 * *
3	DAVILA PEREIRA JAVIER	* * * 7578 * *
4	FEIJOO FALCÓN JESÚS	* * * 2182 * *
5	FERNÁNDEZ OUTEDA MARÍA CARMEN	* * * 6396 * *
6	FRANCO FIGUEIRA JONATHAN	* * * 3154 * *
7	LONGA LÓPEZ GUSTAVO	* * * 8411 * *
8	MOLDES MONTES RUBÉN	* * * 1281 * *
9	NUÑEZ DE ALMEIDA LORENA	* * * 6676 * *
10	OTERO NIETO MARIA ESTHER	* * * 8400 * *
11	POSE PÉREZ JOSÉ JESÚS	* * * 8204 * *
12	RIAL RIVAS ROSA	* * * 7607 * *
13	RIVAS OTERO NURIA	* * * 7924 * *
14	VALENTIN CORES MARIA DEL PILAR	* * * 8272 * *
15	VIDAL SANTIAGO MARINA	* * * 4808 * *

Nota: ocúltase parcialmente o número de D.N.I. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos

